

Cineuropa

# Alberte Pagán ofrece unha clase maxistral

**Redacción | Nós Diario**

O escritor e cineasta Alberte Pagán será unha das referencias do festival Cineuropa para esta fin de semana, pois fornecerá unha clase maxistral e retrospectiva na que analizará 'Que é o cinema'. Aliás, no contexto temático desta XXXV edición do certame haberá un debate sobre o totalitarismo na creación audiovisual.

Pagán, que este ano recibirá un dos premios de honra do certame, estará en Compostela non só para recoller ese galardón senón que tirará da súa experiencia profesional para impartir unha clase maxistral cuxo obxectivo é explicar o "esencialismo do propio cinema" e as diferentes formas de abordalo á hora de comezar un novo proxecto.

Na sesión, que terá lugar este domingo ás 17.30 horas no Museo das Peregrinacións -a entrada é de balde pero é necesario ter invitación- falará desde o coñecemento, mais tamén fará unha retrospectiva para acompañar o discurso.

Así as e os asistentes poderán gozar da proxección de sete curtametraxes de Pagán. Así, pasarán pola pantalla grande *Faustino 1936* (2010); *Película urgente por Palestina* (2012); *Walsed* (2014); *Flora e fauna* (2017); *Benposta-Peneira* (2020); *25 de julho-Máscara* (2020) e *Dolores* (2021).

## Debate sobre o totalitarismo no cinema

Outra das actividades destacadas na programación para esta fin de semana é o debate que decorrerá hoxe mesmo, ás 16.30 horas, na sala Numax de Compostela. Atendendo ao eixo temático do renovado Cineuropa, expertas e expertos falarán de 'Cinema e totalitarismo'. Ademais, haberá un pase da obra *Molokh*.

As proxeccións de filmes -a concurso ou non- nos distintos escenarios escollidos este ano tamén continuarán durante toda a fin de semana.